

1. Segundo os Estatutos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), é competencia da Xunta de Goberno:

- a) Aprobar as transferencias e as xeracións de crédito
- b) Representar legalmente o CISUG nos actos, convenios e contratos en que este debe intervir e ante as autoridades e tribunais de toda clase
- c) Levantar acta dos acordos, expedir certificados e convocar as reunións por orde da Presidencia
- d) A aprobación e liquidación do orzamento ordinario

2. A organización que representa a máis de 420 bibliotecas europeas de investigación fundada en 1971 baixo os auspicios do Consello de Europa é:

- a) LIBER
- b) SPARC
- c) SCONUL
- d) LERU

3. Sinala a opción correcta en relación á Comisión Técnica de Cooperación de Bibliotecas Universitarias do Consejo de Cooperación Bibliotecaria:

- a) Os seus membros serán elixidos pola CRUE
- b) Os seus membros serán elixidos polo Consejo de Universidades
- c) Será exercida por REBIUN
- d) Non existe esa Comisión Técnica

4. Segundo o artigo 3 do vixente *Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela*, cal das seguintes non é unha función da Biblioteca Universitaria?

- a) Difundir os fondos documentais e bibliográficos da Universidade e poñer a disposición desta a información dispoñible noutras bibliotecas e centros de documentación
- b) Participar en redes, programas e convenios
- c) Fomentar as doazóns de acordo coas liñas de desenvolvemento das coleccións documentais
- d) Procesar os fondos documentais mediante normas e formatos de alcance internacional

5. Segundo o artigo 149.3 dos vixentes Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a unidade mínima bibliotecaria será a:

- a) Biblioteca de centro
- b) Biblioteca de departamento
- c) Biblioteca de área
- d) Biblioteca intercentros

6. A Biblioteca Concepción Arenal alberga, entre outras, as seguintes coleccións singulares:

- a) Fondos SECS e Rof Codina
- b) Fondos José Angel Valente, Moreno Báez, Walter Haug e Constantino García
- c) Fondo Histórico, Fondo IDIUS e Fondo CEDE
- d) Fondo Histórico, Biblioteca América e Fondo Galicia

7. Cal das seguintes competencias profesionais non forma parte do catálogo de competencias aprobado por REBIUN en 2014?

- a) Xestión de coleccións
- b) Xestión da progresión na aprendizaxe
- c) Selección e difusión de recursos documentais como apoio para a aprendizaxe
- d) Avaliación da actividade investigadora

8. Sinale cal non é unha competencia do grupo 2 (niveis 21/23 niveis funcionarios base e xestión) segundo o informe elaborado por REBIUN en 2015, *El perfil de competencias de los bibliotecarios de acuerdo a grupos funcionales o de estructura de relación de puestos de trabajo*:

- a) Alfabetización informacional / Formación en competencias informacionais
- b) Busca, recuperación, acceso e uso de información e documentación
- c) Selección e difusión recursos documentais como apoio para a investigación
- d) Selección e difusión recursos documentais como apoio para a docencia

9. Quen impulsou o documento *Perfiles profesionales del Sistema Bibliotecario Español: fichas de caracterización*?

- a) Fesabid
- b) Anabad
- c) SEDIC
- d) Consejo de Cooperación Bibliotecaria

10. Que bibliotecas forman parte de REBIUN?

- a) Exclusivamente as bibliotecas das universidades públicas españolas que sexan membros da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE)
- b) Todas as bibliotecas das universidades españolas públicas e privadas
- c) As bibliotecas das universidades españolas, públicas e privadas, que formen parte da CRUE e a rede de bibliotecas do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC)
- d) As bibliotecas das universidades españolas, públicas e privadas, que formen parte da CRUE, a Biblioteca Nacional e os Consorcios de bibliotecas españolas

11. Cales son as actuais catro liñas estratéxicas de REBIUN?

- a) Modelo de Biblioteca; Tecnoloxías da Información; Formación do persoal e Organización
- b) Servizos compartidos; Transformación dixital e coñecemento aberto; Persoas e talento; Axenda 2030
- c) REBIUN e a aprendizaxe; REBIUN e a investigación; REBIUN e a calidade; REBIUN como organización
- d) Organización e liderado; Soporte a docencia, investigación e xestión; Biblioteca Dixital; Servizos colaborativos

12. Como se denomina o portal de ciencia aberta impulsado polo Consorcio de Bibliotecas Madroño?

- a) InvestigaM
- b) CORA-PRC
- c) Zenodo
- d) Academica-e

13. Segundo se recolle nas *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999), no apartado dedicado a Infraestruturas, os dous parámetros que deben manter unha relación equilibrada no que atinxe ao dimensionamento do espazo bibliotecario son:

- a) Un metro cadrado por usuario e un posto de lectura por cada 10 usuarios
- b) Un metro cadrado por cada 2 usuarios e un posto de lectura por cada 20 usuarios
- c) Un metro cadrado por usuario e un posto de lectura por cada 5 usuarios
- d) Un metro cadrado por usuario e unha proporción variable de postos de lectura, segundo sexan individuais ou colectivos

14. Que arquitecto formulou en 2007 estas dez cualidades dun bo edificio bibliotecario: funcional, adaptable, accesible, variado, interactivo, propicio, adaptado ao medio ambiente, seguro, eficiente, adaptado ás tecnoloxías da información?

- a) Harry Faulkner-Brown
- b) Andrew McDonald
- c) Ray Oldenburg
- d) Norman Foster

15. Segundo se recolle nas *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999), a iluminación artificial, de luz fría, con filtros ultravioleta nos depósitos non terá unha intensidade superior aos:

- a) 500 lux
- b) 400 lux
- c) 300 lux
- d) 200 lux

16. Quen estableceu o concepto de "terceiro lugar" aplicado, entre outros espazos públicos, ás bibliotecas?

- a) Pablo Gallo León
- b) Ray Oldenburg
- c) Didac Martínez
- d) Harry Faulkner-Brown

17. LibQUAL+ mide a calidade do servizo que prestan as bibliotecas a partir das respostas das persoas usuarias a un cuestionario que agrupa as 22 preguntas principais en torno a tres dimensións:

- a) Eficiencia, eficacia e efectividade
- b) Custo económico, uso da biblioteca e satisfacción do servizo
- c) Resultados, nivel demográfico e investimentos
- d) Biblioteca como espazo, control da información e valor afectivo

18. Que norma ISO especifica os requirimentos que debe ter un indicador de rendemento para medir a calidade do servizo nas bibliotecas e establece un conxunto de indicadores que poden ser usados por bibliotecas de todo tipo?

- a) ISO/TR 19815:2018
- b) ISO 9006:1994
- c) ISO 11620:2014
- d) ISO 2709:2008

19. Segundo as *Pautas para establecer una política de colecciones en una biblioteca pública* (2010), elaboradas polo Grupo de Trabajo de Selección Bibliográfica Cooperativa del Consejo de Cooperación Bibliotecaria, os criterios xerais para o expurgo divídense en:

- a) Obxectivos e subxectivos
- b) Orientados a fondos ou a usuarios
- c) Cualitativos e cuantitativos
- d) Económicos e temáticos

20. Segundo o *Manual de Biblioteconomía* (1996) de Luisa Orera Orera o depósito debe ter unha compartimentación:

- a) Mínima de 100 m<sup>2</sup> e máxima de 250 m<sup>2</sup>, cunha altura de teitos entre 2,3 e 2,5 m
- b) Mínima de 150 m<sup>2</sup> e máxima de 250 m<sup>2</sup>, cunha altura de teitos entre 2,3 e 2,7 m
- c) Mínima de 100 m<sup>2</sup> e máxima de 200 m<sup>2</sup>, cunha altura de teitos entre 2 e 2,5 m
- d) Mínima de 150 m<sup>2</sup> e máxima de 250 m<sup>2</sup>, cunha altura de teitos entre 2,1 e 2,3 m

21. Segundo o documento *La edición universitaria española. Análisis de la producción editorial de libros* (2019), elaborado polo Grupo de Investigación sobre el Libro Académico (ILIA) do Consello Superior de Investigacións Científicas:

- a) Os libros de Ciencia e Tecnoloxía predominan na produción das editoriais universitarias
- b) As editoriais UNE non publican en todas as disciplinas científicas
- c) Os libros de Humanidades e Ciencias Sociais predominan na produción das editoriais universitarias
- d) As editoriais universitarias publican en todas as disciplinas científicas, sen que predomine ningunha na produción

22. O EBS é un dos modelos de compra actual en bibliotecas que consiste:

- a) En permitir acceder durante un tempo á colección completa e, despois deste período, adquirir os libros seleccionados pola biblioteca de acordo co uso que tivesen
- b) En permitir a compra a perpetuidade de títulos soltos dunha colección
- c) En subscribir por paquetes, durante un período concreto de tempo e mediante unha cota anual (baseada no baixo custo por título) se accede ao material contratado
- d) Nun sistema compartido de adquisicións consorciadas, o que permite ter unha colección máis completa gastando menos recursos

23. *SUSHI* é un protocolo que automatiza a recollida do uso dos recursos electrónicos. Que significan as súas siglas?

- a) Standardized Usage Statistics Harvesting Initiative
- b) Source Usage Statistics Harvesting Initiative
- c) Source Usage Standard Harvesting Implementation
- d) Standardized Utility Statistics Harvesting Implementation

24. A versión 5 do Código de Práctica COUNTER inclúe catro informes principais:

- a) Informe regular, informe de base de datos, informe de títulos e informe de obxectos
- b) Informe de plataformas, informe de base de datos, informe de títulos e informe de resultados
- c) Informe de proveedor, informe de documento, informe de títulos e informe de obxectos
- d) Informe de plataformas, informe de base de datos, informe de títulos e informe de obxectos

25. Cando un donativo procede dun testamento estamos a falar dun:

- a) Legado
- b) Depósito
- c) Doazón
- d) Intercambio

26. A *Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla*:

- a) Atópase na Universidad de Salamanca
- b) Atópase na Universidade de Santiago de Compostela
- c) Atópase na Universidad Complutense de Madrid
- d) Forma parte da Universidad de León

27. O nacemento desta colección na Universidade de Santiago de Compostela respondeu a un proxecto nado en 1904 grazas ao impulso de Don Gumersindo Busto. Estamos a falar da:

- a) Biblioteca Lago
- b) Biblioteca América
- c) Biblioteca da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago
- d) Biblioteca Galicia

28. As *Directrices para la preservación del patrimonio digital* (2003) da UNESCO din da migración que:

- a) É a transferencia periódica do material dixital desde unha configuración de hardware ou software a outra; ou ben desde unha xeración de tecnoloxía informática á seguinte
- b) É o proceso que busca preservar a integridade da información dixital. Para o cal copia o contido dun medio de almacenamento a outro
- c) É un novo sistema informático que simula as funcións que realizaba outro sistema xa obsoleto e xeralmente de características diferentes, co fin de poder executar os vellos programas informáticos do segundo
- d) Non é un sistema que se considere na preservación do patrimonio dixital

29. Segundo as *Recomendaciones REBIUN en materia de digitalización y preservación digital de documentos* (2014):

- a) En xeral, recoméndase escanear a 2 veces a resolución final desexada, así, para 400 ppi final, 800 ppi de resolución de escaneado
- b) En xeral, recoméndase escanear a resolución final desexada, así, para 400 ppi final, 400 ppi de resolución de escaneado
- c) En xeral, recoméndase escanear a 1,5 veces á resolución final desexada, así, para 400 ppi final, 600 ppi de resolución de escaneado
- d) En xeral, recoméndase escanear a 1,8 veces á resolución final desexada, así, para 400 ppi final, 720 ppi de resolución de escaneado



30. Como se denomina a biblioteca dixital de Galicia?

- a) GaliciaLe
- b) Galicia Dixital
- c) BDxGa
- d) Galiciana

31. Como se denomina o repositorio documental da Universidade de Salamanca?

- a) Dehesa
- b) Gredos
- c) Investigo
- d) e-Spacio

32. O uso, o custo por uso, a análise de coincidencias e a análise comparativa de colaboración son algúns dos elementos da ferramenta de intelixencia empresarial de Alma denominada:

- a) Leganto
- b) Analytics
- c) Voyager
- d) Exploro

33. Cal dos seguintes é un Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria?

- a) Alma
- b) BLUEcloud
- c) Aleph
- d) Folio

34. O modelo SaaS (Software as a Service) adoptado por moitas plataformas de servizos bibliotecarios, caracterízase por:

- a) Non requirir ningunha instalación na contorna do cliente, nin de infraestruturas (servidores), nin de aplicacións por parte do cliente
- b) A existencia dun servidor central que protexe ao sistema operativo
- c) Facilitar a construción de aplicacións a través das ferramentas e utilidades que ofrece o sistema
- d) A adaptación e flexibilidade do software ás necesidades das bibliotecas

35. No formato MARC 21 bibliográfico, que campo dos seguintes está relacionado co campo 041?

- a) 500
- b) 546
- c) 530
- d) 588

36. Segundo o formato MARC21 bibliográfico, se temos un libro bilingüe en español e galego dunha obra orixinal escrita en inglés, en que código de subcampo irá o código de lingua glg?

- a) \$a
- b) \$k
- c) \$b
- d) \$h

37. No formato MARC 21 bibliográfico, cal dos seguintes subcampos do 017 son correctos?

- a) \$a (R) \$b (NR)
- b) \$a (NR) \$b (NR)
- c) \$a (R) \$b (R)
- d) \$a (NR) \$b (R)

38. Segundo o modelo FRBR a frecuencia nunha publicación periódica é un atributo de:
- a) Obra
  - b) Expresión
  - c) Manifestación
  - d) Item
39. Cal das seguintes tecnoloxías estándar que empregan os datos vinculados utiliza a sintaxe de triplete semántica?
- a) OWL
  - b) URI
  - c) RDF
  - d) XML
40. Cal das seguintes seccións non forma parte dun documento METS?
- a) Metadatos descritivos
  - b) Sección arquivo
  - c) Mapa estrutural
  - d) Recoñecemento de caracteres
41. As 15 definicións semánticas descritivas de Dublin Core teñen as seguintes tres características:
- a) Repetibles, obrigatorias e poden aparecer en calquera orde
  - b) Non repetibles, opcionais e poden aparecer en calquera orde
  - c) Non repetibles, obrigatorias e teñen unha orde determinada
  - d) Repetibles, opcionais e poden aparecer en calquera orde
42. PREMIS define cinco tipos de entidades:
- a) Intelectuais, Técnicas, Axentes, Obxectos, Acontecementos
  - b) Axentes, Acontecementos, Intelectuais, Obxectos, Dereitos
  - c) Técnicas, Dereitos, Intelectuais, Acontecementos, Axentes
  - d) Obxectos, Intelectuais, Técnicas, Axentes, Dereitos

43. Cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) A elaboración do catálogo colectivo de REBIUN está baseada no volcado de rexistros de xeito periódico polas bibliotecas participantes
- b) A elaboración do catálogo colectivo de REBIUN está baseada na aplicación de algoritmos e normas automáticas que depuran os erros en cada proceso de actualización e mantemento
- c) A elaboración do catálogo colectivo de REBIUN está baseada na aplicación dun control de autoridades baseado en ficheiros autorizados
- d) A elaboración do catálogo colectivo de REBIUN está baseada na actualización automática de rexistros ou grupos de rexistros para o enriquecemento das descrições bibliográficas

44. Cal das seguintes non é unha ferramenta de descubrimento?

- a) Summon
- b) Alma
- c) WorldCat Discovery
- d) Encore

45. O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia está integrado no seguinte grupo de usuarios de ExLibris:

- a) Expania
- b) GUAL
- c) ENUG
- d) Non pertence a ningún

46. Que fondos bibliográficos non están integrados no catálogo da BUSC?

- a) Os fondos da biblioteca do Instituto da Lingua Galega
- b) Os fondos da biblioteca do Museo de Historia Natural
- c) Os fondos do Arquivo Histórico Universitario
- d) Os fondos da biblioteca da Escola Universitaria de Traballo Social

47. Que fonte ofrece datos vinculados, descritos mediante RDF, o que permite relacionalos con outros conxuntos de datos doutros repositorios dixitais?

- a) Wikidata
- b) DOI
- c) SABI
- d) PURL

48. OCLC encárgase de actualizar e aloxar o seguinte identificador de autoridades bibliográfico:

- a) ISNI
- b) VIAF
- c) ORCID
- d) Names Project

49. Desde a caixa de busca simple do catálogo Iacobus podemos limitar o alcance da nosa busca a:

- a) Prelo
- b) Autores galegos
- c) Minerva
- d) Revistas

50. Cal das seguintes afirmacións acerca do servizo EZproxy é incorrecta?

- a) Permite o acceso remoto aos recursos electrónicos subscritos pola BUSC e CISUG, para todos os membros da comunidade universitaria (Alumnado, PDI e PAS)
- b) Distínguense porque a súa URL comeza por ou contén "ezbusc" e non é necesario levar a cabo ningún tipo de configuración no dispositivo utilizado
- c) Non pode configurarse para os recursos cuxo acceso está limitado por enderezo IP
- d) Para o seu correcto funcionamento cómpre acceder aos recursos da BUSC dende reBUSCa ou o Catálogo Iacobus

51. O servizo de copias de artigos de revistas da BUSC:

- a) Ten un límite de 100 solicitudes ao ano para o PDI
- b) Ten un límite de 100 solicitudes para o alumnado de TFM e 25 para o alumnado de TFG
- c) É un servizo que se realiza só para materiais pertencentes a un centro da BUSC distinto do vinculado á persoa usuaria
- d) Os límites que ten son: pertencer á comunidade universitaria e os impostos pola Lei de Propiedade Intelectual

52. Segundo as normas xerais da *Guía de uso da web social e ferramentas 2.0* da BUSC (2013), sinala a resposta incorrecta:

- a) Todas as ferramentas deberán levar as siglas da BUSC, se así o permite a interface utilizada
- b) Utilizarase o galego seguindo as pautas do Servizo de Normalización Lingüística da USC
- c) Non se debe utilizar a marca da Biblioteca para levar a cabo publicidade
- d) Todo espazo que non se actualice nun prazo máximo de 3 meses debe ser dado de baixa

53. En cal das seguintes redes sociais da BUSC poden as persoas usuarias coñecer o número de postos libres cada hora nas bibliotecas en período de apertura extraordinaria?

- a) Instagram
- b) Blog Fonseca
- c) Pinterest
- d) Twitter

54. Como se chama o método de programación flexible que permite reestruturar os elementos dunha web na pantalla dun teléfono móbil para optimizar todo o espazo dispoñible, vendo todo o contido en vertical sen necesidade de barras de desprazamento?

- a) Deseño web HTML
- b) Deseño web XSL
- c) Deseño web accesible
- d) Deseño web responsive

55. Cal das seguintes é unha competencia da “Área 5. Resolución de problemas” do marco DIGCOMP?

- a) Configuración e personalización de aplicacións e programas informáticos
- b) Identificación de lagoas na competencia dixital
- c) Protección de dispositivos
- d) Xestión da identidade dixital

56. Que é OpenCourse Ware?

- a) Un conxunto de recursos educativos abertos, de acceso libre e gratuito, organizados para facilitar a autoaprendizaxe
- b) Un código fonte que dá soporte á creación dos campus virtuais
- c) Son cursos titorizados que se ofrecen libremente na Internet e comportan un título ou certificado académico
- d) Son pequenas pímulas formativas que comparten a mesma filosofía que os MOOCs, pero cuxa duración é moi breve

57. Segundo a *Guía de Recursos Educativos Abertos* de REBIUN, cales son os 5 dereitos de uso asociados ao contido aberto?

- a) Paternidade da obra, Integridade, Comunicación Pública, Uso non comercial, Compartir Igual
- b) Dereito de cita, Dereito de copia privada, Ilustración da ensinanza, Dominio público, Gratuidade
- c) Reter, Reusar, Revisar, Remezclar, Redistribuír
- d) Accesibilidade, Interoperabilidade, Facilmente localizable, Reutilizable e Gratuíto

58. Cal dos seguintes servizos da BUSC está restrinxido aos membros da comunidade universitaria da USC?

- a) O servizo de préstamo de libros
- b) O servizo de solicitude de libros por préstamo interbibliotecario
- c) O servizo de solicitude de reservas
- d) O servizo de solicitude de novas adquisicións mediante o formulario electrónico da BUSC

59. Das seguintes afirmacións acerca do servizo de préstamo para persoas usuarias externas, sinala a correcta:

- a) As obras definidas no catálogo como obras de préstamo curto están excluídas
- b) Poden levar 3 obras de préstamo curto durante 10 días
- c) Poden levar 3 obras prestables durante 15 días
- d) Os investigadores externos poden levar 5 obras durante 10 días

60. Que tipoloxía de usuarios ten acceso remoto aos recursos electrónicos da BUSC?

- a) Todos os que contan con credencias para o uso da rede Eduroam
- b) Só o PDI pode acceder en remoto aos recursos electrónicos
- c) Só os membros da comunidade universitaria da USC (alumnado, PDI e PAS)
- d) Calquera persoa usuaria da BUSC pode acceder á totalidade dos recursos, físicos e electrónicos

61. Unha investigadora da USC pide á biblioteca que lle recomende unha ferramenta gratuíta en castelán para elaborar o seu Plan de Xestión de Datos.

Cal das seguintes responde a estas características?

- a) DMPonline
- b) PGMonline
- c) PGDigital.CSIC
- d) DGDonline



62. Cal dos seguintes indicadores mide a influencia media dos artigos dunha revista durante os cinco anos seguintes á súa publicación de tal forma que se é superior a 1 indica un valor por riba da media?

- a) Índice h5
- b) Journal Citation Report
- c) Article Influence Score
- d) Eigenfactor

63. Se un autor ou autora ten o seguinte rango de citas por artigo publicado, segundo consta na táboa que vai a continuación, cal será o seu índice H?

Artigos ordenados segundo o número de citas recibidas	Número de citas recibidas
1º	15
2º	15
3º	12
4º	9
5º	6
6º	3
7º	3

- a) O seu índice H é de 5
- b) O seu índice H é de 6
- c) O seu índice H é de 15
- d) O seu índice H é de 9

64. As fontes das publicacións do Portal da Investigación da USC son:

- a) Dialnet e Scopus
- b) WoS e Scopus
- c) Dialnet e WoS
- d) Dialnet, WoS e Scopus

65. Segundo a *Instrucción sobre normalización da afiliación institucional nas publicacións cuxa autoría esté vinculada ao persoal da USC* da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, do 1 de setembro de 2015, cal dos seguintes elementos da sinatura é opcional?

- a) Nome do autor
- b) Grupo
- c) Nome da institución: Universidade de Santiago de Compostela
- d) Departamento ou outra Estrutura

66. Cal dos seguintes non é un requisito para beneficiarse dos descontos nas taxas de publicación de artigos científicos en aberto (APCs) na USC?

- a) Dispoñer dunha conta de correo electrónico institucional
- b) Ser autor/a de correspondencia da publicación obxecto de financiación
- c) Que as firmas da publicación inclúan ORCID
- d) Ser membro da USC na data establecida polo acordo

67. Das seguintes opcións, sinala a fonte principal para coñecer as políticas de institucións e organismos de financiamento en favor do acceso aberto:

- a) Sherpa Romeo
- b) DOAR
- c) ROAR
- d) Sherpa Juliet

68. Segundo a taxonomía proposta no marco do proxecto *FOSTER*, que dous conceptos abarca a Open Science Evaluation?

- a) Open Research Data e Open Peer Review
- b) Open Peer Review e Open Metrics and Impact
- c) Open Metrics and Impact e Open Research Data
- d) Open Big Data e Open Research Data

69. Cal das versións dun artigo é válida para dar cumprimento ao mandato de publicar en aberto do programa Horizonte Europa?

- a) O *draft paper* ou o *preprint*, indistintamente
- b) O *preprint* ou o *postprint*, indistintamente
- c) O *postprint* ou a versión revisada por pares, indistintamente
- d) O *postprint* ou a versión do editor, indistintamente

70. Sinale a afirmación correcta respecto do uso das licencias Creative Commons:

- a) Cando a persoa titular dos dereitos de autor desexa permitir a outras persoas o uso libre da súa obra, sempre que se recoñeza a autoría e non se realicen modificacións sobre a obra orixinal, deberá asignar unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Compartir Igual
- b) Cando a persoa titular dos dereitos de autor desexa permitir a outras persoas o uso libre da súa obra, sempre que se recoñeza a autoría, se faga sen propósito comercial e se distribúa baixo a mesma licenza, deberá asignar unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Non comercial -Compartir Igual
- c) Cando a persoa titular dos dereitos de autor desexa permitir a outras persoas o uso libre da súa obra, sempre que se recoñeza a autoría e se distribúa sen propósito comercial, ao igual que a obra orixinal, deberá asignar unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Compartir Igual
- d) Cando a persoa titular dos dereitos de autor desexa permitir a outras persoas o uso libre da súa obra, sempre que se recoñeza a autoría e se distribúa baixo a mesma licenza que a orixinal, deberá asignar unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Non comercial-Compartir Igual

71. Segundo a *Normativa do Repositorio da USC*, aprobada no Consello de Goberno do 22 de Decembro de 2011, sinala a afirmación incorrecta:

- a) As Comisións académicas proporán en especial os traballos de Fin de Grao ou Máster que acaden a matrícula de honra para ser publicados en Minerva
- b) Minerva poderá conservar máis dunha copia dos arquivos depositados e, sen alterar o seu contido, convertelos a calquera formato ou soporte para propósitos de acceso, preservación e seguridade
- c) Os titores dos traballos propostos, co visto e prace dos autores, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión en Minerva
- d) A Secretaría Xeral poderá acordar a retirada de Minerva daqueles arquivos que non sexan orixinais ou supoñan calquera vulneración do ordenamento xurídico

72. Segundo a taxonomía da nova versión de SHERPA/ROMEO:

- a) A cor verde indica que se pode archivar o pre-print e o post-print ou versión de editor/PDF
- b) A cor amarela indica que se pode archivar o pre-print
- c) A cor azul indica que se pode archivar o post-print ou versión de editor/PDF
- d) Non existe taxonomía por cores nesta nova versión

73. Altmetrics utilízase para designar as novas métricas que se propoñen coma alternativas ao factor de impacto, ou aos índices de citas de persoa, como o índice h, para o cal usa recursos como:

- a) Blogs e redes sociais, aínda que non Pinterest
- b) Blogs, patentes, redes sociais, Wikipedia e outros recursos
- c) Blogs, redes sociais, Wikipedia e outros recursos, pero non patentes
- d) Redes sociais, agás Youtube, que non está entre os seus recursos

74. Atendendo á *Propuesta de manual de ayuda a los investigadores españoles para la normalización del nombre de autores e instituciones en las publicaciones científicas* elaborado para a FECYT polos grupos de investigación EC3 da Universidade de Granada e Análise Cuantitativa de Ciencia e Tecnoloxía do CINDOC-CSIC:

- a) Recoméndase adoptar un nome bibliográfico único. Para autores con apelidos comúns recoméndase unir ambos a través dun guión
- b) Recoméndase adoptar diferentes nomes, pois isto aumentará a visibilidade
- c) Recoméndase adoptar un nome bibliográfico único. Para autores con apelidos comúns recoméndase só usar a inicial no segundo apelido
- d) Recoméndase adoptar un nome bibliográfico único. Para autores con nomes compostos recoméndase usar ambos de forma estendida

75. Cal das seguintes plataformas é o agregador nacional de repositorios de acceso aberto?

- a) Dialnet
- b) Recolecta
- c) DOAJ
- d) e-Spacio

76. Cal das seguintes non é unha importante fonte de información estatística?

- a) Inebase
- b) Iustel
- c) Eurostat
- d) Idescat

77. Que dous recursos nos resultarían útiles como bases de datos biográficas?

- a) IBN e o Banco de Datos ASP/JDS
- b) WBIS e ESO
- c) Eric e IBN
- d) IBN e WBIS

78. A que *Guía de materias* dispoñible en reBUSCa acudirías para consultar os recursos da BUSC sobre Filosofía?

- a) Arte e Humanidades
- b) Ciencias Xurídicas e Sociais
- c) Ciencias Sociais e Humanidades
- d) Multidisciplinar

79. Cal dos seguintes recursos ofrece acceso en aberto á literatura medieval?

- a) International Medieval Bibliography
- b) Clavis Clavium
- c) Library of Latin Texts
- d) Mirabile

80. Indique cal das seguintes é unha rede social académica e repositorio de preprints dedicada ás ciencias sociais:

- a) Social Science Network Repository (SSNR)
- b) Social Science Research Network (SSRN)
- c) Social Science Repository Network (SSRN)
- d) Social Science Network Research (SSNR)

81. Como se denomina a base de datos internacional que recolle artigos, monografías, actas de congresos, teses, e literatura gris relacionadas coas ciencias mariñas, acuicultura e oceanografía?

- a) Greenfile
- b) LLBA
- c) TRC
- d) ASFA

82. Se vostede quixera obter información sobre a área de enfermía, que recurso empregaría?

- a) Iustel
- b) Mirabile
- c) CINAHL
- d) SABI

83. A onde acudiría vostede para obter información sobre ensaios clínicos e medicina baseada na evidencia?

- a) Biblioteca Cochrane
- b) Biblioteca virtual E-Excellence
- c) Clavis Clavium
- d) SciFinder

84. O Libro de horas de Fernando I de León que se conserva na BUSC esta escrito en letra:

- a) Visigótica
- b) Gótica
- c) Semiuncial
- d) Carolina

85. Segundo recolle Hipólito Escolar en *Historia de las bibliotecas (1990)*, cal das seguintes bibliotecas é considerada a máis antiga?

- a) Biblioteca de Alexandría
- b) Biblioteca de Ebla
- c) Biblioteca de Asurbanipal
- d) Biblioteca de Pérgamo

86. Cal dos seguintes nomes corresponde a un dos principais tipógrafos do século XVI?

- a) Claude Garamond
- b) Joaquín Ibarra
- c) Nicholas Kis
- d) Giambattista Bodoni

87. Que figura animal caracteriza a marca de imprenta dos libros editados por Aldo Manuzio?

- a) Dúas serpes
- b) Unha aguia bicéfala
- c) Un golfiño
- d) Unha ave Fénix

88. No ano 1800 aparece o primeiro xornal galego, cal é o seu nome?

- a) El Catón Compostelano
- b) Semanario instructivo
- c) Diario de La Coruña
- d) O vello do Pico-Sagro

89. Cal é a característica que distingue as encadernacións *a la dentelle*?

- a) O emprego da tela para forrar o lombo e do papel para as tapas
- b) O emprego de tapas de madeira revestidas con placas de ouro e prata, esmaltes e tallas de marfil adornadas con pedras preciosas
- c) O labrado no centro da tapa anterior dun medallón ou xoia en relevo
- d) O emprego de orlas que imitan encaixes e puntillas

90. Como se denomina a marca visible por transparencia que na fabricación dunha folla de papel deixa nunha das dúas metades un fío metálico que forma unha figura?

- a) Drolerie
- b) Filigrana
- c) Betagrafía
- d) Diazocopia



91. Segundo o disposto no artigo 9.3 da Constitución Española, a Constitución garante:

- a) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade dos actos, a retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos
- b) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a igualdade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos
- c) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade dos actos, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a proporcionalidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos
- d) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos

92. Segundo o disposto no artigo 31.1 da Constitución Española, todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario:

- a) Equilibrado inspirado nos principios de sustentabilidade e imparcialidade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio
- b) Xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio
- c) Equilibrado inspirado nos principios de igualdade e caixa única que, en todo caso, terá alcance confiscatorio
- d) Xusto inspirado nos principios de igualdade e non discriminación que, en todo caso, terá alcance confiscatorio

93. Segundo o disposto no artigo 17.2 da Constitución Española, a detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das pescudas tendentes ao esclarecemento dos feitos, e, en todo caso:

- a) No prazo máximo de 24 horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial
- b) No prazo máximo de 72 horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial
- c) No prazo máximo de 36 horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial
- d) No prazo máximo de 48 horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial

94. Segundo o disposto no artigo 40.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de:

- a) Dez días a partir da data na que o acto fose ditado
- b) Quince días a partir da data na que o acto fose ditado
- c) Sete días a partir da data na que o acto fose ditado
- d) Cinco días a partir da data na que o acto fose ditado

95. Segundo o disposto no artigo 39.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos dende:

- a) A data na que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa
- b) Ao día seguinte á data na que se notifiquen, salvo que neles se dispoña outra cousa
- c) A data na que se notifiquen, salvo que neles se dispoña outra cousa
- d) Ao día seguinte á data na que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa

96. Segundo o disposto no artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non porá fin ao procedemento administrativo:

- a) A resolución
- b) O desestimento
- c) A interposición de recurso
- d) A declaración de caducidade

97. Segundo o disposto no artigo 78.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a provisión dos postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de:

- a) Oposición e concurso-oposición
- b) Oposición e libre designación
- c) Oposición e concurso de valoración de méritos
- d) Concurso e libre designación con convocatoria pública

98. Segundo o disposto no artigo 48.k do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios públicos terán os seguintes permisos por asuntos particulares:

- a) Seis días ao ano
- b) Nove días ao ano
- c) Oito días ao ano
- d) Sete días ao ano

99. Segundo o disposto no artigo 85.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios de carreira atoparanse nalgunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servizo activo, servizos especiais, servizo noutras Administracións Públicas, excedencia ou suspensión de funcións
- b) Servizo activo, servizos especiais, comisión de servizos, servizo noutras Administracións Públicas ou suspensión de funcións
- c) Servizo activo, servizos especiais, servizo noutras Administracións Públicas, excedencia, permiso ou inhabilitación de funcións
- d) Servizo activo, adscrición provisional, servizo noutras Administracións Públicas, excedencia ou suspensión de funcións

100. Segundo o disposto no artigo 16.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, o Claustro Universitario estará formado por:

- a) O Reitor, o Secretario Xeral e o Xerente, e un máximo de 300 membros
- b) O Reitor, o Secretario Xeral e o Xerente, e un máximo de 250 membros
- c) O Reitor, os Vicerreitores, o Secretario Xeral e o Xerente, e un máximo de 300 membros
- d) O Reitor, os Vicerreitores e o Secretario Xeral, e un máximo de 250 membros

101. Segundo o disposto no Título III, Capítulo I, da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, sinale a opción correcta:

- a) O Consello de Goberno é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria
- b) O Claustro Universitario é o órgano de goberno da Universidade
- c) O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na universidade
- d) O Reitor é a máxima autoridade científica da Universidade e ostenta a representación desta

102. Segundo o artigo 48.4 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro, o persoal docente e investigador contratado, computado en equivalencias a tempo completo, non poderá superar o:

- a) 49 por cento do total de persoal docente e investigador da universidade
- b) 50 por cento do total de persoal docente e investigador da universidade
- c) 45 por cento do total de persoal docente e investigador da universidade
- d) 40 por cento do total de persoal docente e investigador da universidade

103. Segundo o disposto no artigo 4.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e conforme ao artigo 5.1.d) do Regulamento (UE) 2016/679 os datos persoais serán:

- a) Verdadeiros e, en todo caso, temporais
- b) Exactos e, se fose necesario, actualizados
- c) Concretos e, en todo caso, permanentes
- d) Actuais e revisables

104. Segundo o disposto no artigo 13.3 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, aos efectos establecidos no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679 poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso en máis dunha ocasión durante o prazo de:

- a) Seis meses, a menos que exista causa lexítima para elo
- b) Tres meses, a menos que exista causa lexítima para elo
- c) Nove meses, a menos que exista causa lexítima para elo
- d) Doce meses, a menos que exista causa lexítima para elo

105. Segundo o disposto no artigo 32.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, o responsable do tratamento estará obrigado a bloquear os datos:

- a) Cando proceda á súa rectificación ou supresión
- b) Cando proceda ao seu acceso ou supresión
- c) Cando proceda ao seu acceso, conversión ou supresión
- d) Cando proceda á súa anonimización ou supresión

106. Segundo o disposto no artigo 10.3 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, sinale a opción correcta:

- a) O Claustro Universitario aprobará un estatuto do defensor da comunidade universitaria e procederá a súa elección por maioría absoluta para un mandato de cinco anos
- b) O Consello de Goberno aprobará un estatuto do defensor da comunidade universitaria e procederá a súa elección por maioría simple para un mandato de catro anos
- c) O Consello Social aprobará un estatuto do defensor da comunidade universitaria e procederá a súa elección por maioría absoluta para un mandato de catro anos
- d) O Consello de Estudantes aprobará un estatuto do defensor da comunidade universitaria e procederá a súa elección por maioría simple para un mandato de cinco anos

107. Segundo o disposto no artigo 48.1 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, cales son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento da ensinanza e do apoio da investigación dun ou varios ámbitos de coñecemento?

- a) Os Consellos de Departamento
- b) Os Departamentos
- c) As Facultades
- d) As Xuntas de Facultade

108. Segundo o disposto no artigo 151.3 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, o Arquivo Universitario estruturarase en:

- a) Académico, administrativo e histórico
- b) Académico e administrativo
- c) Académico e histórico
- d) Administrativo e histórico

109. Segundo o artigo 13.4 da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, non se considera un servizo básico das bibliotecas públicas:

- a) O préstamo individual e colectivo
- b) A consulta en sala das publicacións que integren o seu fondo
- c) A realización de actividades de extensión bibliotecaria
- d) A información e orientación para o uso da biblioteca

110. Consonte o artigo 27 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, sinala a resposta correcta en relación ao Mapa de bibliotecas públicas de Galicia:

- a) O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia deberá ser actualizado e publicado polo menos cada cinco anos
- b) O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia será informado preceptivamente pola consellería con competencias en materia de Cultura
- c) O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia será o responsable de elaborar o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia
- d) O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia e as súas sucesivas actualizacións deberanse remitir ao Parlamento de Galicia para o seu exame e valoración

111. Consonte o artigo 5 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, as bibliotecas universitarias de Galicia forman parte do Sistema Galego de Bibliotecas?

- a) Si, porque forman parte das bibliotecas públicas de titularidade estatal cuxa xestión é competencia da comunidade autónoma
- b) Non, agás que se asinen uns convenios específicos de colaboración e integración
- c) Si, xunto ás bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario e as bibliotecas especializadas
- d) Non, porque son bibliotecas que non foron creadas pola Xunta de Galicia

112. Segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, cal das seguintes institucións non terá consideración de órgano asesor en materia de patrimonio cultural?

- a) As universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia
- b) O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia
- c) O Consello Asesor dos Camiños de Santiago
- d) A Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica

113. Segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, forman parte do patrimonio documental de Galicia:

- a) Os documentos de calquera época xerados, conservados ou reunidos, no exercicio da súa función, pola Administración xeral e as entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia; os documentos anteriores a 1965, xerados, conservados ou reunidos, no exercicio das súas actividades, polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado, que teñan interese para a historia de Galicia; os documentos anteriores a 1901, xerados, conservados ou reunidos por outras entidades particulares ou persoas físicas, que teñan interese para a historia de Galicia
- b) Os documentos de calquera época xerados, conservados ou reunidos, no exercicio da súa función, pola Administración xeral e as entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia; os documentos anteriores a 1958, xerados, conservados ou reunidos, no exercicio das súas actividades, polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado, que teñan interese para a historia de Galicia; os documentos anteriores a 1901, xerados, conservados ou reunidos por outras entidades particulares ou persoas físicas, que teñan interese para a historia de Galicia



- c) Os documentos de calquera época xerados, conservados ou reunidos, no exercicio da súa función, pola Administración xeral e as entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia; os documentos anteriores a 1958, xerados, conservados ou reunidos, no exercicio das súas actividades, polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado, que teñan interese para a historia de Galicia; os documentos anteriores a 1900, xerados, conservados ou reunidos por outras entidades particulares ou persoas físicas, que teñan interese para a historia de Galicia
- d) Os documentos de calquera época xerados, conservados ou reunidos, no exercicio da súa función, pola Administración xeral e as entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia; os documentos anteriores a 1965, xerados, conservados ou reunidos, no exercicio das súas actividades, polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado, que teñan interese para a historia de Galicia; os documentos anteriores a 1900, xerados, conservados ou reunidos por outras entidades particulares ou persoas físicas, que teñan interese para a historia de Galicia

114. Segundo o artigo 141.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, cando prescribe unha infracción administrativa tipificada como leve?

- a) Aos dez anos
- b) Aos cinco anos
- c) Ao ano
- d) Non prescribe nunca

115. Segundo o disposto no artigo 45.1 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada pola Lei 17/2022, de 5 de setembro, dentro dos axentes de financiación da Administración Xeral do Estado, son axentes de financiación adscritos ao Ministerio de Ciencia e Innovación:

- a) A Axencia Estatal de Investigación e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial
- b) A Axencia Estatal de Investigación e o Centro de Análise Industrial
- c) A Axencia Estatal de Investigación e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas
- d) A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial

116. Segundo o disposto no artigo 42.3 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada pola Lei 17/2022, de 5 de setembro, o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación:

- a) Será aprobado polas Cortes Xerais, a proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, previo informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e dos órganos que proceda
- b) Será aprobado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, a proposta da Axencia Estatal de Investigación, previo informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e dos órganos que proceda
- c) Será aprobado polo Congreso dos Deputados, a proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, previo informe do Consello Asesor de Investigación e Innovación e dos órganos que proceda
- d) Será aprobado polo Goberno, a proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, previo informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e dos órganos que proceda

117. Segundo o disposto no artigo 47.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modificada pola Lei 17/2022, de 5 de setembro, ten a condición de Organismo Público de Investigación da Administración Xeral del Estado:

- a) O Instituto Nacional de Técnica Aeroportuaria Española (INTAE)
- b) O Centro de Investigacións Enerxéticas Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT)
- c) A Axencia Estatal de Astronomía (AEA)
- d) O Instituto Nacional de Técnica Agrícola e Gandeira (INTAG)

118. Segundo o disposto no artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e:

- a) Setenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento
- b) Sesenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento
- c) Cincuenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento
- d) Oitenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento

119. Segundo o disposto no artigo 37 bis.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, a obra cuxos titulares de dereitos non están identificados ou, de estalo, non están localizados a pesar de terse efectuado unha previa busca dilixente dos mesmos considerárase:

- a) Obra orfa
- b) Obra apócrifa
- c) Obra anónima
- d) Obra en dominio público

120. Segundo o disposto no artigo 146 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, o titular ou cesionario en exclusiva dun dereito de explotación sobre unha obra ou produción protexidas por esta Lei:

- a) Poderá antepoñer ao seu nome o símbolo © con precisión do lugar e ano da divulgación daquelas
- b) Poderá antepoñer ao seu nome o símbolo Ⓒ con precisión do lugar e ano da divulgación daquelas
- c) Poderá pospoñer ao seu nome o símbolo © con precisión do ano, mes e día da creación daquelas
- d) Poderá pospoñer ao seu nome o símbolo Ⓒ con precisión do ano, mes e día da creación daquelas

#### RESERVA

121. Cal dos seguintes nomes foi un importante impresor galego do século XIX?

- a) Manuel Rivadeneyra
- b) Antonio Nariño y Álvarez
- c) Manuel María de Vila
- d) Gabriel J. Sancha Sanz

122. Que norma internacional de bibliotecas proporciona directrices e identifica os requirimentos básicos relativos ao espazo e ao equipamento técnico do edificio da biblioteca?

- a) ISO 16439
- b) ISO 2789
- c) ISO/TR 14873
- d) ISO/TR 11219

123. Segundo se recolle no documento *Introdución ao perfil de aplicación de RDA na BUSC*, non establecemos unha relación entre recursos:

- a) Empregando o \$i
- b) Empregando o \$e, \$j
- c) Empregando o segundo indicador na 780
- d) Empregando o segundo indicador na 785

124. En que comunidade do Repositorio Minerva se atopan os Traballos de Fin de Grao?

- a) Biblioteca
- b) Docencia e Innovación Educativa
- c) I+D+I
- d) Institucional

125. Que tipo de formato de metadatos é PREMIS?

- a) Descritivo
- b) De preservación
- c) Estrutural
- d) De autoridades